

Designación da Ponencia encargada de elaborar o proxecto de ditame da Comisión (artigo 9 das normas de funcionamento):

- 1475 (11/SCNP-000003)

G. P. Popular de Galicia (P):

— José Luis Ferro Iglesias (titular)

— Ramón Carballo Páez (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

— Patricia Otero Rodríguez (titular)

— Paloma Castro Rey (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

— Xosé Luís Bará Torres (titular)

— Paulo Ríos Santomé (suplente)

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de abril de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 20 de abril de 2021 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contando desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puiden asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

